

1 • Palabras que achegan información de lugar, de tempo, de cantidade e de modo, ou ben expresan afirmación, negación ou dúbida. Grupos de palabras que realizan a mesma función ca o adverbio. • Poden acompañar un verbo, un adxectivo ou outro adverbio. • A función de complemento.

2 • **Quizais** (dúbida) non lle apeteza pasear **agora** (tempo). • **Hoxe** (tempo) choveu **intensamente** (modo). • A Cibrán **si** (afirmación) que lle gusta **moito** (cantidade) o caldo. • Mirei **fóra** (lugar) e Martiño **non** (negación) está **aí** (lugar). • Se dormes **demasiado** (cantidade), ergueraste **peor** (modo). • O tío de Iria **tamén** (afirmación) vive **lonxe** (lugar).

3 En **B**. Porque en **A**, *moito* concorda en xénero e número co substantivo *leite*, mentres que o adverbio *moito* é invariable.

4 • Quedamos con el **máis** tarde (*tarde*, adverbio). • Estaba **bastante** nerviosa (*nerviosa*, adxectivo). • Este exame non foi **nada** fácil (*fácil*, adxectivo). • Falamos **agora**? (*falar*, verbo). • O exercicio parece **moi** interesante (*interesante*, adxectivo). • Chegará á casa **axiña** (*chegar*, verbo).

5 • antigo ► antigamente. • fácil ► facilmente. • verdadeiro ► verdadeiramente. • cómodo ► comodamente.

6 Ao saír da casa, **de súpeto** decateime dunha novidade: un colector para o vidro! Onte non estaba; **se cadra** puxérono pola noite. Boa falta facía, pois o colector máis próximo quedábanos **a contramán**; unhas catro rúas máis alá. **De cando en vez** o que faciamos era xuntar o vidro na casa en caixas e **por veces** transportalo no coche. **De certo** era un encordio.

Resumo. Os adverbios son palabras invariables que achegan información sobre as circunstancias de lugar, de tempo, de cantidade ou de modo que rodean a acción do verbo, ou expresan afirmación, negación ou dúbida.

Segundo a circunstancia que expresen, os adverbios poden ser de lugar, de tempo, de modo, de cantidade, de afirmación, de negación ou de dúbida.

Un adverbio pode funcionar como complemento dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio.